

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

**INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
PORTA DA AUGA
RIBADEO (LUGO)**

(Aprobado no Claustro e Consello Escolar celebrados o 18 de
xuño de 2007)

O primeiro Proxecto Educativo de Centro (PEC) do IES Porta da Auga foi elaborado por un equipo de profesores do Claustro do entón Instituto de Formación Profesional de Ribadeo, durante o curso 1993/94.

No curso 2006/07, despois de producirse importantes cambios na normativa e ensinanzas ofertadas, redactouse a primeira reforma do PEC. O novo texto reformado e actualizado aprobouse por unanimidade no Claustro e no Consello Escolar celebrados o día 18 de xuño de 2007.

A última reforma fíxose no curso 2008-09, aprobada en Claustro e Consello Escolar celebrados o 10 de xuño de 2009. Nesta reforma modificáronse aspectos relacionados coa posta en vigor da LOE (Lei Orgánica de Educación) como a promoción e titulación na ESO e oferta educativa en ESO e Bacharelados.

ÍNDICE

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA PORTA DA AUGA.....	1
RIBADEO (LUGO).....	1
1.- RESEÑA HISTÓRICA.	5
2.- SITUACIÓN XURÍDICA.	5
3.- CARACTERÍSTICAS FÍSICAS.	5
4.- ANÁLISE DO CONTEXTO.....	6
5.- ORGANIZACIÓN XERAL DO INSTITUTO.....	6
5.1.- ÓRGANOS DE GOBERNO DO CENTRO.....	6
5.1.1.- Unipersoais.....	6
5.1.2.- Colexiados.....	6
5.2.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	7
5.2.1.- Departamentos didácticos.....	7
5.2.2.- Departamento de Orientación.....	7
5.2.3.- Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	7
5.2.4.- Equipo de Normalización Lingüística.....	8
5.3.- CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN.....	8
5.3.1.- Decisións sobre agrupamento do alumnado.....	8
5.3.2.- Agrupamentos específicos.....	8
5.3.3.- Programa de diversificación curricular.....	9
5.3.4.- Decisións sobre organización de tempos e espazos.....	9
6.- FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO INSTITUTO DE ACORDO Á SÚA IDENTIDADE PROPIA.....	10
6.1.- OBXECTIVOS A NIVEL PEDAGÓXICO.....	10
6.1.1.- Fomentar unha actitude democrática e tolerante en toda a comunidade escolar.....	10
6.1.2.- Respetar a pluralidade lingüística, cultural, relixiosa, política, ideolóxica e sexual.....	11
6.2.- OBXECTIVOS A NIVEL INSTITUCIONAL.....	11
6.2.1.- Potenciar a participación de toda a comunidade escolar na xestión do Centro.....	11
6.2.2.- Acadar a integración de tódolos sectores da comunidade educativa.....	11
6.2.3.- Potenciar as relacións do Centro co entorno.....	11
6.3.- OBXECTIVOS A NIVEL DE VALORES.....	11
6.3.1.- De ámbito xeral.....	11
6.3.2.- De ámbito persoal.....	12
7.- CRITERIOS XERAIS DE METODOLOXÍA.....	12
8.- ORGANIZACIÓN E CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN.....	13
8.1.- AVALIACIÓN INICIAL.....	13
8.2.- AVALIACIÓNS PARCIAIS.....	13
8.3.- AVALIACIÓN FINAL.....	13
8.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.....	14
8.5.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO.....	14
8.5.1.- Promoción.....	14
8.5.2.- Titulación.....	15
8.6.- RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	15
9.- OBXECTIVOS TENDENTES A LOGRAR A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....	16
10.- ADECUACIÓN AO CONTEXTO DO INSTITUTO DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS QUE SE IMPARTEN.....	16
10.1.- OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	16
10.2.- OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO.....	17

10.4.- Obxectivos xerais da formación profesional específica.....	18
11.- OFERTA DO CENTRO EN CANTO A ITINERARIOS EDUCATIVOS, OPTATIVAS, ACTIVIDADES E SERVIZOS.	18
11.1.- EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.	18
11.1.1.- Terceiro curso.....	18
11.1.2.- Cuarto curso.	19
11.2.- BACHARELATOS.....	19
11.2.1.- Bacharelato de humanidades e ciencias sociais.	19
11.2.2.- Bacharelato de tecnoloxía.	20
11.3.- FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA.	21
11.3.1.- Ciclo medio xestión administrativa.....	21
11.3.2.- Ciclo superior administración e finanzas.	21
11.4.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	21
11.5.- SERVIZOS.....	22
11.5.1.- Transporte escolar.	23
11.5.2.- Orientación.	23
11.5.3.- Biblioteca.	23
11.5.4.- SGDWEB.	23
11.5.5.- SGDSMS.	23
12.- AS FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	23
12.1.- CONSELLO ESCOLAR.....	23
12.1.1.- Comisión de convivencia.	24
12.1.2.- Comisión económica.	24
12.2.- CLAUSTRO.	24
12.3.- XUNTA DE DELEGADOS.	24
12.4.- ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS.	24
13.- AS FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL COS SERVIZOS SOCIAIS E EDUCATIVOS DO CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓN.....	24
13.1.- CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA QUE SE ADSCRIBEN AO INSTITUTO.	24
13.2.- OUTROS CENTROS COS QUE ESTEA RELACIONADO O INSTITUTO.....	24

1.- Reseña histórica.

A historia do IES Porta da Auga comezou o 23 de agosto de 1975 cando polo decreto 2490/1975 se creou o Centro de Formación Profesional de 1º e 2º grao de Ribadeo, B.O.E nº 254 do 23 de outubro.

O Instituto de Formación Profesional de Ribadeo entrou en funcionamento o día 1 de Marzo de 1976. Nun principio estivo instalado na chamada “Casa do óptico”, contando tan só coa Rama Administrativa. No curso seguinte implantouse a Rama de Electricidade. En Outubro do 1981 inaugúrase o edificio no que está instalado actualmente, situado na zona escolar de Ribadeo. Neste mesmo curso comézase a impartir a Rama de Automoción. No curso 1984/85 implántase a Rama Sanitaria e a especialidade de Anatomía Patolóxica no 1987/88, no 1992/93 a Educación Secundaria Obrigatoria e no 1994/95 os Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais e Tecnolóxico.

Dende o principio o aumento do alumnado foi constante partindo de 49 alumnos matriculados no curso 1975/76 ata 540 no curso 1993/94.

Ata o curso 1992/93 este Centro tivo unha sección na Pontenova que contaba co Primeiro Grao de Administrativo e Automoción.

As novas especialidades e reformas fixeron preciso a modificación da propia denominación do centro ao pasar de Instituto de Formación Profesional a Instituto de Educación Secundaria. O 10 de febreiro de 1998 foi aprobado no Consello Escolar o seu nome actual: Instituto de Educación Secundaria Porta da Auga. O cambio de denominación publicouse no DOG do 12 de xuño de 1998 (Orde do 20 de maio de 1998 pola que se establece a denominación de centros públicos de ensino secundario dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).

As ensinanzas da familia de Sanitaria deixaron de impartirse no curso 1999-2000, e no 2001-02 comezouse a impartir o ciclo formativo de grao medio “Acabados de construción” da familia profesional de Edificación e Obra Civil.

No curso 2003-04 o IES Porta da Auga pasou a ser o primeiro centro da provincia de Lugo en adquirir a denominación de Centro Integrado de Formación Profesional (Decreto 325/2003, do 18 de xullo, DOG do 4 de agosto) pasando a impartir, ademais da ESO e Bacharelatos, tódalas modalidades da Formación Profesional: regrada (Ciclos Formativos), ocupacional e continua.

En setembro do 2006, mediante o Decreto 154/2006, do 7 de setembro (DOG do 18 de setembro e corrección de erros no DOG do 22 de setembro), o centro desdóbrase en dous, por un lado o propio IES Porta da Auga e por outro o Centro Integrado de Formación Profesional Porta da Auga. A orde do 30 de novembro de 2006 (DOG do 2 de xaneiro) autoriza a oferta educativa dos dous centros, quedando o IES Porta da Auga coa ESO, Bacharelatos (modalidades de Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais), os ciclos formativos da familia profesional de Administración (ciclo medio de Xestión Administrativa e ciclos superior de Administración e Finanzas) e os programas de garantía social (Axudante de operacións de carrozaría do vehículo, dependente de comercio, operario de albanelería e instalador electricista).

2.- Situación xurídica.

Trátase dun Centro de Ensino Medio de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

É ideoloxicamente neutral é pluralista.

No relativo á lingua, a documentación oficial do Centro tramítase integramente en Galego, se ben no aspecto docente é bilingüe.

3.- Características físicas.

O Centro conta cos seguintes locais repartidos en tres plantas:

- Na planta baixa: conserxería, departamento de orientación, oficinas, despachos do equipo directivo (dirección, xefatura de estudos, secretaría, e vicedirección),

servizos profesores, dúas salas de profesores, sala de recepción de pais, biblioteca, aula de tecnoloxía da ESO, cafetería, servizos alumnado, almacén de compras e almacén de limpeza.

- Na primeira planta: aulas de 56 m² (2, 3, 4, 5, 7 e 11) aulas de menos de 30 m² (1, 6, 8, 9 e 10), laboratorio de física, laboratorio de química, servizos alumnado, servizos profesores, almacén de recursos educativos e local de material de limpeza.
- Na segunda planta: aula 12 (56 m²), aula 13 (menos de 30 m²), aula de comercio, aula de educación plástica, aula de música, aula de idiomas, tres aulas de xestión administrativa, laboratorio de bioloxía e xeoloxía, servizos alumnado, servizos profesorado, almacén de recursos educativos e local de material de limpeza.

Ademais conta con aula de tecnoloxía de Bacharelato (nas instalacións do Centro Integrado de Formación Profesional), aula de informática, salón de actos e pavillón de deportes cun almacén anexo.

O exterior repártese entre zonas axardinadas e aparcamentos.

4.- Análise do contexto.

A maioría do alumnado procede de Ribadeo ou ben dos concellos limítrofes, distribuíndose case por igual entre o medio rural e as vilas.

O entorno do Centro é unha zona agrícola e de servizos, cun índice de paro baixo, en relación coa media estatal.

A maioría do alumnado dispón dun lugar axeitado para estudar, así como unha pequena biblioteca de consulta.

Nos últimos cursos percíbese un aumento dos casos en que os pais delegan todas as tarefas de educación dos seus fillos no centro escolar e nas clases particulares, sufrindo estes unha desatención que deriva nun desinterese nos estudos e a consecuente conflitividade nas aulas.

No referente á situación sociolingüística do alumnado, axústase á situación xeográfica do Centro, estando a maioría a favor da utilización do Galego no Centro, e sendo esta a lingua de maior uso entre o alumnado.

5.- Organización xeral do instituto.

5.1.- Órganos de goberno do Centro.

5.1.1.- Unipersoais.

- I) Dirección.
- II) Vicedirección.
- III) Xefatura de Estudos.
- IV) Secretaría.

5.1.2.- Colexiados.

- I) Consello Escolar.

Formado por:

- Presidente/a, o Director/a do Centro.
- Secretario/a, o secretario/a do Centro.
- Xefe/a de estudos.
- Sete representantes do profesorado.
- Catro representantes do alumnado.

- Tres representantes das nai se pais do alumnado.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Un representante do Concello de Ribadeo.

II) Claustro.

Formado por tódolos profesores e profesoras do Centro.

5.2.- Órganos de coordinación docente.

5.2.1.- Departamentos didácticos.

Existen os seguintes:

- Administración.
- Bioloxía e Xeoloxía.
- Economía.
- Educación Física.
- Filosofía.
- Física e Química.
- Francés.
- Grego e Latín.
- Inglés.
- Lingua Castelá e Literatura.
- Lingua Galega e Literatura.
- Matemáticas.
- Música.
- Relixión Católica.
- Tecnoloxía.
- Xeografía e Historia.

5.2.2.- Departamento de Orientación.

Formado por:

- Xefe/a do Departamento (Orientador/a).
- Especialistas en pedagogía terapéutica.
- Un titor/a do ámbito científico-tecnolóxico.
- Un titor/a do ámbito lingüístico-social.

5.2.3.- Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Formada por:

- Presidente/a (Director/a).
- Xefe/a de Estudos.
- Coordinador/a do Equipo de Normalización Lingüística.
- Profesorado especialista en pedagogía terapéutica.

- Coordinador/a da formación en centros de traballo.
- Xefes e xefas dos departamentos didácticos.
- Xefe/a do Departamento de Orientación.

5.2.4.- Equipo de Normalización Lingüística.

Formado por:

- Un profesor que actúa como coordinador.
- Dous representantes do profesorado.
- Tres representantes do alumnado.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

5.3.- Criterios de organización.

5.3.1.- Decisións sobre agrupamento do alumnado.

O alumnado agruparase segundo as optativas que cursen. Cando a maioría dos alumno/as matriculados curse unha mesma optativa ou non haxa mais que unha, farase a agrupación por orde alfabético do primeiro apelido.

No primeiro curso da ESO tenderase a conservar os grupos xa existentes no centro de primaria, sempre que isto non supoña unha descompensación no número de alumnado dos grupos, ao producirse baixas e novas incorporacións.

O alumnado repetidor distribuirase de forma equitativa entre os grupos do nivel correspondente unha vez consultado o departamento de orientación e os profesores/as titores/as do curso anterior.

Por circunstancias derivadas do comportamento do alumno/a, e unha vez consultado o departamento de orientación e o profesor/a titor/a, poderase cambiar a un alumno/a de grupo ao cambiar de curso.

En ningún caso se poderán agrupar por criterios nos que pesen factores socioculturais, económicos ou relativos ao expediente académico do alumno/a. Procurarase sempre que os grupos dun mesmo curso teñan o mesmo número de alumno/as.

5.3.2.- Agrupamentos específicos.

Son medidas de apoio ao alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas áreas curriculares que, ben polo seu carácter instrumental para seguir a aprender, ou ben polo seu peso conceptual, reclaman unha atención mais individualizada. Pretenden ademais incidir na motivación e mellora a autoestima.

Consisten no desdoblamento transitorio que permitan en determinadas áreas constituír un grupo específico co alumnado de distintos grupos do mesmo nivel. Poderán incluír a unha das áreas de lingua e literatura (Castelán ou Galego), Matemáticas, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.

Poderase incorporar a estes programas o alumnado que:

- Estea escolarizado no primeiro ciclo da ESO con atraso académico xeneralizado.
- Tendo cursado o 1º ciclo da ESO non acade os obxectivos das ensinanzas mínimas e que esta medida se considere esencial para garantir a eficacia da súa permanencia un ano máis no ciclo.

A selección do alumnado farase nunha reunión convocada polo Xefe/a de Estudos co Xefe do Departamento de Orientación e equipo docente do alumnado.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica seleccionará as áreas que entren no agrupamento e serán os departamentos didácticos os que elaboren as programacións adaptando os contidos pero sen modificar os obxectivos xerais da materia.

5.3.3.- Programa de diversificación curricular.

Teñen como finalidade posibilitar que os alumnos poidan acadar os obxectivos xerais da ESO e o título de graduado de ESO, mediante unha metodoloxía e uns contidos acordes as súas características e necesidades.

Poderá incorporarse a estes programas o alumnado que concorra na seguintes circunstancias:

a) b) Existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa e, en consecuencia, obter o título de graduado en educación secundaria.

Ademais este alumnado debe atoparse nalgunha das seguintes situacións:

- Ter cursado o segundo curso da ESO, non estar en condicións de promocionar a terceiro e que repetira xa unha vez primeiro ou segundo.
- Tras repetir o terceiro curso, non superalo.
- Ter cursado cuarto curso da ESO sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa.

Para a incorporación dun alumno á un programa de diversificación curricular sempre será preciso o ditame de avaliación psicopedagóxica emitido polo Departamento de Orientación.

A duración do programa, con carácter xeral, será de dous anos.

No mes de maio realizarase unha avaliación do alumnado da ESO previa á final coa finalidade de tomar decisións sobre as medidas de atención á diversidade do próximo curso. Nesta avaliación farase unha primeira proposta do alumnado susceptible de recibir reforzo e apoio educativo e de integrarse nun agrupamento específico ou programa de diversificación curricular. Participará todo o equipo docente dos cursos da ESO, o xefe/a do departamento de orientación e o xefe/a de estudos.

5.3.4.- Decisións sobre organización de tempos e espazos.

i) O horario semanal na ESO será o seguinte:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves		Venres
8:35 - 9:50					8:35 - 9:25	
9:50 - 10:40					9:25 - 10:15	
10:40 - 11:30					10:15 - 11:05	
11:30 - 12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	11:05 - 11:35	RECREO
12:00 - 12:50					11:35 - 12:25	
12:50 - 13:40					12:25 - 13:15	
13:40 - 14:30					13:15 - 14:05	

A primeira hora de clase dos luns, martes, mércores e xoves ten unha duración de 75 minutos. Con dous períodos destas completaranse tres períodos de 50 minutos dunha materia.

ii) O horario semanal nos Bacharelatos e Ciclos Formativos será:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves		Venres
8:35 - 9:50					8:35 - 9:25	
9:50 - 10:40					9:25 - 10:15	
10:40 - 11:30					10:15 - 11:05	
11:30 - 12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	11:05 - 11:35	RECREO
12:00 - 12:50					11:35 - 12:25	
12:50 - 13:40					12:25 - 13:15	
13:40 - 14:30					13:15 - 14:05	
16:00 - 16:50						
16:50 - 17:40						

No caso dos Bacharelatos os alumnos e alumnas terán catro horas libres semanais que se distribuirán preferentemente ao final da mañá ou da tarde. No caso que sexa posible procurárase que non teñan máis dunha tarde de clase.

iii) Elaboración de horarios.

Á hora da elaboración dos horarios teranse en conta as preferencias do profesorado, sempre dentro duns límites que garantan que os horarios se axusten á normativa vixente. Ademais teranse en conta, sempre que sexa posible, os seguintes criterios:

- Que as materias de 3 ou menos horas semanais se impartan en días alternos.
- Que as clases dunha mesma materia non se impartan todas ás últimas horas da mañá.

6.- Fins e intencións educativas do instituto de acordo á súa identidade propia.

As metas educativas que se pretenden conseguir no Centro ou obxectivos tendencia, poden establecerse en tres categorías:

- Obxectivos a nivel pedagógico.
- Obxectivos a nivel institucional.
- Obxectivos a nivel de valores.

6.1.- Obxectivos a nivel pedagógico.

6.1.1.- Fomentar unha actitude democrática e tolerante en toda a comunidade escolar.

Para potenciar a consecución deste obxectivo fomentaranse actitudes de diálogo e cooperación.

6.1.2.- Respetar a pluralidade lingüística, cultural, relixiosa, política, ideolóxica e sexual.

Como medios para desenvolver este obxectivo cítanse os seguintes:

I) Procurar inculcar ao alumno o respecto a tódalas opcións a nivel lingüístico, cultural, relixioso, político, sexual,...

II) Ensiñarlle a valorar esta pluralidade.

6.2.- Obxectivos a nivel institucional.

6.2.1.- Potenciar a participación de toda a comunidade escolar na xestión do Centro.

Para isto facilitarase o acceso á información ás distintos estamentos que forman a comunidade educativa para que coñezan os órganos de goberno do Centro e cales son as súas funcións, e deste xeito saiban, valorar adecuadamente a súa integración nos mesmos.

Potenciarase o uso da páxina web do Centro como medio de comunicación entre os membros da comunidade educativa.

6.2.2.- Acadar a integración de tódolos sectores da comunidade educativa.

Como medios para desenvolver este obxectivo, atendendo ós diferentes niveis, socioeconómico, e cultural, téñense os seguintes:

I) Potenciar as actitudes non discriminatorias, tanto dentro como fora da clase.

II) Fomentar a colaboración entre o alumnado dos distintos cursos e etapas.

III) Axudar de forma especial aos que se incorporan por primeira vez ao Centro.

IV) Ensinar e potenciar o respecto ás minorías.

V) Desenvolvemento de actividades extraescolares conxuntas.

6.2.3.- Potenciar as relacións do Centro co entorno.

Atraveso do programa de Formación en Centros de Traballo o Centro mantén relacións con moitas empresas e entidades do entorno.

O Centro tamén mantén relacións de colaboración en proxectos educativos co Concello de Ribadeo, Casa das Ciencias da Coruña, Instituto Galego de Consumo, Asociación de Comerciantes Servizos e Autónomos de Ribadeo, Asociación Cultural XERFA, Biblioteca Pública de Ribadeo e con outros centros de ensino.

6.3.- Obxectivos a nivel de valores.

Distínguese entre dúas grandes categorías:

6.3.1.- De ámbito xeral.

Como valores de ámbito xeral, preténdese fomentar os seguintes:

I) Solidariedade.

II) Tolerancia.

III) Respetto.

IV) Liberdade.

V) Educación para a paz.

VI) Educación para o medio ambiente.

VII) Educación sen distinción de sexos.

Un bo medio para potenciar estes valores é a realización de traballos en equipo.

En canto á tolerancia e o respecto, estes valores deben de empezar polo propio profesor quen deberá de dar exemplo dos mesmos.

Respecto ás valores como educación para a paz, a educación para o medio ambiente, educación sen distinción de sexos, etc. , dedicaráselles un día onde de verdade se realicen actividades que teñan que ver co tema e cun marcado carácter interdisciplinar. Esta proxección estenderase a tódolos días do ano, para que o alumno tome conciencia dos valores que se pretenden potenciar. No relativo ao caso particular da educación sen distinción de sexos, como medio para acadar este obxectivo propónse a elección de libros de texto de carácter non sexista.

Polo que fai referencia á Liberdade, daráselle ao alumno un certo marxe de elección para que aprenda a decidir e a responsabilizarse da súa opción. Este valor acadarase co esforzo persoal que lle permite a cada persoa desenvolver o sentido da responsabilidade.

6.3.2.- De ámbito persoal.

Como valores de ámbito persoal preténdese fomentar os seguintes:

I) Autoestima. Para desenvolverla valorarase adecuadamente o traballo que o alumno realiza, así como tódalas súas iniciativas, tratando de non resaltar en exceso os fallos e pola contra resaltando o máis posible as súas virtudes.

II) Creatividade. É importante non darlles ás alumnos todo o traballo feito e obrigalos a investigar pola súa conta, buscando no seu entorno unha aplicación práctica do que se lles ensina; que o alumno asuma o papel de profesor e poñelo ante unha situación nova tratando que lle busque unha solución.

III) Espírito crítico. Para desenvolver o espírito crítico ensinaráselle ao alumno que debe de estar previamente ben informado antes de emitir unha crítica sobre un determinado tema, para que esta teña o carácter de construtiva. Por outra banda sería importante que o alumno aprendese a criticarse a si mesmo – autocrítica -, ensinándolle a autoavaliarse. Ademais tódolos medios que desenvolven o espírito crítico, desenvolverán tamén valores como a autoestima, a autonomía, etc.

IV) Autonomía. Este valor e consecuencia de ter acadado previamente os outros valores citados como obxectivos.

V) Sentido do humor. Contribúe a crear un clima de afectividade no grupo e polo tanto desde este punto de vista é moi positivo para unha mellor aprendizaxe.

VI) Interese na mellora da formación persoal. Este deberá ser valorado minuciosamente polo profesor.

Para acadar estes valores considérase que se deben de fomentar as seguintes actitudes e hábitos: a orde, a limpeza, a actitude de investigación e de reflexión, a puntualidade, o respecto ás instalacións e o material, o hábito de lectura e a hixiene e saúde persoal.

7.- Criterios xerais de metodoloxía.

Partindo da liña construtivista da aprendizaxe escolar, a metodoloxía a seguir será aquela que procure que o alumno sexa un elemento activo e participativo. Prantexarémonos un pluralismo metodolóxico dentro de cada grupo de alumnos, dependendo das distintas características que cada un poida presentar, buscando deste xeito unha aprendizaxe máis individualizada.

Aínda que determinadas metodoloxías poden chocar coa distribución horaria nalgúns materias e co número de alumnos por grupo, trátanse de evitar os aspectos memorísticos e repetitivos propios da educación tradicional, potenciando pola contra unha actitude investigadora por parte do alumno, para que el mesmo chegue a determinadas conclusións que doutro xeito tería que proporcionarllas o profesor, limitándose o alumno unicamente a memorizalas. Así mesmo, para conseguir isto, fomentaranse determinadas actividades, tanto escolares como extraescolares, que esperten no alumno o interese pola aprendizaxe.

Outros aspectos a ter en conta na metodoloxía son os seguintes: que sexa activa, motivadora, impulsora do espírito cooperativo, interdisciplinar e o máis obxectiva posible.

Con este tipo de aprendizaxe preténdese que o alumno acade capacidade crítica, creativa, de autoformación, de tolerancia e respecto.

Co desenrolo destas capacidades perséguese que os alumnos saian preparados para ampliar estudos ou ao mundo do traballo, e todo elo con miras a acadar non soamente unha boa formación académica senón tamén unha formación integral como persoas.

8.- Organización e criterios xerais de avaliación.

Con relación ao modelo de avaliación, esta será sumativa, formativa e continua, porque non soamente se avaliarán coñecementos, senón tamén procedementos e actitudes tales como os hábitos de traballo, a orde, a limpeza, a puntualidade, o respecto ás instalacións e ao material, etc.

Ademais preténdese que non só se avalíe ao alumnado, senón tamén ao profesorado a metodoloxía etc.; en definitiva trátase de avaliar o sistema educativo no seu conxunto, atendendo a criterios de mellora e de progreso.

Intentarase tamén que o alumno aprenda a autoavaliarse, como medida de autoformación, e que todo o realizado polo alumno sexa avaliable.

8.1.- Avaliación inicial

No mes de novembro realizarase unha primeira avaliación do alumnado da ESO. A finalidade principal desta avaliación será a de detectar necesidades de reforzo e apoio educativo, de analizar o funcionamento dos agrupamentos específicos e optimizar a súa composición, de avaliar a marcha inicial do programa de diversificación curricular e de detectar e aportar solucións ás posibles problemáticas dos grupos. Nesta avaliación participará todo o equipo docente de cada grupo da ESO, o xefe/a do departamento de orientación e o xefe/a de estudos. Nela non se outorgarán cualificacións.

8.2.- Avaliacións parciais

Na ESO e bacharelatos realizaranse dúas avaliacións parciais que coincidirán en decembro e marzo, ao remate do primeiro e segundo trimestre de curso. Ademais da asignación de cualificacións a cada materia avaliable, decidirse a permanencia, baixa e incorporación do alumnado aos agrupamentos específicos e a medidas de reforzo e apoio educativo.

No mes de maio realizarase unha avaliación do alumnado da ESO previa á final coa finalidade de tomar decisións sobre as medidas de atención á diversidade do próximo curso. Nesta avaliación farase unha primeira proposta do alumnado susceptible de recibir reforzo e apoio educativo e de integrarse nun agrupamento específico ou programa de diversificación curricular. Participará todo o equipo docente dos cursos da ESO, o xefe/a do departamento de orientación e o xefe/a de estudos.

As avaliacións dos ciclos formativos realizaranse segundo as características específicas que require a avaliación e seguindo as instrucións da normativa vixente. En todo caso procurarse na medida do posible que coincidan co resto das avaliacións que se realicen no centro.

8.3.- Avaliación final

Ten lugar no mes de xuño, segundo as datas que estableza o calendario escolar, para a ESO, bacharelatos e ciclos formativos. Nesta avaliación reflectirase a cualificación final de cada materia e decidirse a promoción ao curso seguinte ou a titulación.

No caso da ESO, ademais da asignación de cualificacións finais nas materias avaliables, decidirse a composición, a falta da avaliación extraordinaria de setembro, dos agrupamentos específicos e programa de diversificación curricular do próximo curso e elaboraranse os informes individualizados de promoción para o alumnado que supere tódalas materias.

Tamén na ESO, realizarase un informe sobre a consecución de obxectivos e competencias básicas. O modelo utilizado para dito informe será o seguinte:

Concepto	Tipo de cualificación
Obxectivos	1 = Non alcanzou os obxectivos xerais

	da área debido ao escaso esforzo demostrado. 2 = Evoluciona progresivamente, pero non alcanzou os obxectivos da área aínda que amosou o esforzo necesario. 3 = Evoluciona progresivamente alcanzando os obxectivos mínimos da área. 4 = Evoluciona progresivamente alcanzando plenamente os obxectivos xerais da área.
1.- Competencia en comunicación lingüística. 2.- Competencia matemática. 3.- Competencia en coñecemento e interacción co mundo físico. 4.- Tratamento da información e competencia dixital. 5.- Competencia social e cidadá. 6.- Competencia cultural e artística. 7.- Competencia para aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.	X= debe mellorar esta competencia.

8.4.- Avaliación extraordinaria de setembro

Nesta avaliación cualificaranse as materias da ESO e bacharelatos non superadas en xuño e establecerase a composición definitiva dos agrupamentos específicos e programas de diversificación curricular. No caso da ESO decidírase a promoción e titulación aplicando os criterios establecidos no punto 8.5 e elaboraranse os informes correspondentes de promoción. En 4º de ESO elaboraranse os consellos orientadores para aquel alumnado que remate a etapa ou non poda permanecer máis tempo escolarizado nela.

8.5.- Criterios de promoción e titulación na ESO

8.5.1.- Promoción

Xuño:

O alumnado promocionará ao curso seguinte cando supere os obxectivos de todas as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas como máximo.

Setembro:

Igual que en xuño para o alumnado que teña todas as materias superadas ou avaliación negativa en dúas como máximo.

Con tres ou máis materias non superadas repetirá curso.

Excepcionalmente, con avaliación negativa en tres materias, poderá decidirse a súa promoción sempre que:

- A natureza das dificultades non lle impidan seguir con éxito o curso seguinte.
- Teña expectativas favorables de recuperación.
- Dita promoción beneficie a súa evolución académica.

Neste caso, unha vez oídos os profesores das materias avaliadas negativamente, a decisión adoptarase co acordo favorable da maioría simple da xunta de avaliación.

Con catro ou máis materias non superadas repetirá curso

No caso do alumnado que cursa un PDC, promocionará ao curso seguinte en calquera caso.

8.5.2.- Titulación

Xuño:

O alumnado obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cando supere todas as materias e alcance as competencias básicas e os obxectivos da etapa.

Setembro:

Igual que en xuño para o alumnado que supere todas as materias.

Cunha, dúas e, excepcionalmente, con tres materias con avaliación negativa, poderá decidirse a súa titulación sempre que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa non lle impida alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa.

Nestes casos, unha vez oídos os profesores das materias avaliadas negativamente, a decisión adoptarase co acordo favorable da maioría simple da xunta de avaliación.

Con catro ou máis materias non superadas non obterá título..

No caso do alumnado que cursa un PDC obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cando supere todos os ámbitos e materias que integran o programa.

Sempre que teña superados todos os ámbitos e avaliación negativa nunha, dúas e, excepcionalmente, tres materias do programa, aplicarase o disposto anteriormente para o alumnado do grupo xeral.

Non obterá título se ten algún ámbito ou catro ou máis materias do programa non superadas.

Observacións:

No cómputo das materias suspensas contabilízanse todas, as do curso actual e pendentes.

Se dúas ou máis materias suspensas teñen a mesma denominación contabilízanse igualmente por separado.

A materia “proxecto interdisciplinar” de 1º de ESO non computa.

A “física e química” e “bioloxía e xeoloxía” de 3º de ESO computan como unha soa materia a efectos de promoción e titulación.

8.6.- Recuperación de materias pendentes

Os xefes de departamento realizarán o seguimento do alumnado con materias pendentes, a través do profesorado responsable das actividades docentes.

O alumnado terá dereito a realizar no mes de maio e no mes de setembro unha proba final de cada materia que teña pendente. En ningún caso, poderá limitarse o procedemento para a avaliación ao establecemento destas probas finais.

Cada ano realizaranse dúas sesións de avaliación: unha final ordinaria no mes de xuño e outra final extraordinaria no mes de setembro, antes das correspondentes sesións de avaliación final do curso no que estea matriculado o alumnado.

Co obxecto de facilitar ao alumnado a superación das materias pendentes, os departamentos didácticos que as impartan proporánlle plans de traballo que se incorporarán ás correspondentes programacións didácticas, nos cales se farán constar os contidos esixibles e as actividades de avaliación.

9.- Obxectivos tendentes a lograr a normalización lingüística.

A área circundante ao centro, en xeral, e o concello de Ribadeo, en particular, son maioritariamente galegofalantes, aínda que, como no resto do país, asistimos á diferenciación de usos propia da diglosia, a un deterioro do galego oral e a unha perda de falantes asociada ao proceso de urbanización e despoboamento do rural. Como trazo diferencial con outras localidades do país está o feito do importante aumento de poboación procedente doutras comunidades autónomas. Con todo, a realidade lingüística do centro ten como indicador que a maioría do alumnado é galegofalante.

Partindo do anterior, os obxectivos tendentes a lograr esta normalización serán:

- Consolidar a lingua de partida da maioría dos rapaces/as, vencendo esquemas diglósicos.
- Atraer para o uso do galego a aquel alumnado que non o utiliza habitualmente, tanto en forma oral como por escrito.
- Contribuír á mellora da competencia lingüística do profesorado, prestando asesoramento lingüístico aos profesores/as que o necesiten, dándolle prioridade a aquelas materias que por lei deben impartirse en galego.
- Contribuír a desterrar calquera tipo de prexuízo lingüístico en contra do galego no seo da comunidade educativa.

Entre as actividades que desenvolve o Equipo de Normalización Lingüística tendentes a fomentar o uso do galego entre a comunidade educativa destacan:

- Edición da revista XERFA.
- Participación na edición anual do correlingua.
- Recitais de poesía.
- Asistencia a representacións teatrais.
- Percorrido de rutas literarias.
- Contacontos.

10.- Adecuación ao contexto do instituto dos obxectivos xerais das etapas que se imparten.

10.1.- Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

10.2.- Obxectivos xerais do Bacharelato.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.

- Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.
- Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

10.4.- Obxectivos xerais da formación profesional específica.

- Adquirir a competencia profesional de cada título.
- Comprender a organización e características do sector administrativo
- Coñecer a lexislación laboral básica e os dereito e obrigações que dela se derivan, así como os mecanismos de inserción laboral.
- Dispoñer dos coñecementos e habilidades necesarios para traballar en condicións de seguridade, amosando unha actitude preventiva ante os posibles riscos derivados das situacións de traballo no sector administrativo.
- Profundizar na autonomía, identidade e madurez persoal e profesional de forma que permita realizar futuras aprendizaxes a adaptacións ao cambio de cualificacións profesionais.

11.- Oferta do centro en canto a itinerarios educativos, optativas, actividades e servizos.

11.1.- Educación secundaria obrigatoria.

11.1.1.- Terceiro curso.

Elíxese unha entre a Segunda Lingua Estranxeira-Francés e Taller de Iniciativas Emprendedoras.

11.1.2.- Cuarto curso.

As posibilidades de elección de optativas aumentan ao contemplarse como tales as materias troncais que non elixan.

Sen diversificación curricular. Elixir catro materias dos seguintes grupos sen coller dúas dun mesmo grupo:

GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3	GRUPO 4	GRUPO 5
Bioloxía e Xeol.	Física e Quím.	Tecnoloxía	Educ. Plást. e V.	Cultura Clásica
Informática	Música	Latín	2ª Ling. Francés	Taller Inic. Empren.

A Cultura Clásica e o Taller de Iniciativas Emprendedoras só se poden elixir se non se cursaron en 3º e se non se cursa a 2ª Lingua Estranxeira.

Con diversificación curricular. Elixir unha materia optativa entre 2ª Lingua Estranxeira-Francés e Cultura Clásica.

11.2.- Bacharelatos.**11.2.1.- Bacharelato de humanidades e ciencias sociais.**

- 1º Curso
 - o Propias da modalidade:
 - Historia do mundo contemporáneo. (Obrigatoria)

Elíxense dúas ou tres entre:

 - Economía
 - Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I
 - Grego I
 - Latín I
 - o Optativas (*elíxese unha se non se elixiron tres propias da modalidade*):
 - Segunda lingua estranxeira - francés
 - Tecnoloxías da información e comunicación
 - Música
 - Antropoloxía
 - Literaturas hispánicas
- 2º Curso
 - o Propias da modalidade:
 - Xeografía. (Obrigatoria)

Elíxense dúas ou tres entre:

 - Economía de empresa
 - Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II
 - Grego II
 - Latín II
 - Literatura universal
 - Historia da arte

- o Optativas (*elíxese unha se non se elixiron tres propias da modalidade*):
 - Segunda Lingua estranxeira - francés
 - Ética e filosofía do dereito
 - Filosofía da ciencia e tecnoloxía
 - Métodos estatísticos e numéricos
 - Xeografía e historia de Galicia
 - Literatura galega do século XX e da actualidade

11.2.2.- Bacharelato de tecnoloxía.

- 1º curso
 - o Propias da modalidade:
 - Matemáticas I. (Obrigatoria).

Elíxense dúas ou tres entre:

 - Física e química
 - Tecnoloxía industrial I
 - Debuxo técnico I
 - Bioloxía e xeoloxía
 - o Optativas (*elíxese unha se non se elixiron tres propias da modalidade*):
 - Segunda lingua estranxeira - francés
 - Tecnoloxías da información e comunicación
 - Música
 - Antropoloxía
 - Literaturas hispánicas
- 2º Curso
 - o Propias da modalidade:
 - Matemáticas II. (Obrigatoria)

Elíxense dúas ou tres entre:

 - Física
 - Química
 - Debuxo técnico II
 - Tecnoloxía industrial II
 - Electrotécnica
 - Bioloxía
 - Ciencias da Terra e ambientais
 - o Optativas (*elíxese unha se non se elixiron tres propias da modalidade*):
 - Segunda Lingua estranxeira - francés
 - Ética e filosofía do dereito
 - Filosofía da ciencia e tecnoloxía

- Métodos estatísticos e numéricos
- Xeografía e historia de Galicia
- Literatura galega do século XX e da actualidade

11.3.- Formación profesional específica.

Ofértanse os seguintes ciclos formativos da familia profesional de Administración:

11.3.1.- Ciclo medio xestión administrativa.

- 1º, 2º e 3º trimestre (de outubro a xuño).
 - o Aplicacións informáticas.
 - o Comunicación, arquivo de información e operatoria de teclados.
 - o Contabilidade xeral e tesourería.
 - o Formación e orientación laboral.
 - o Principios de xestión administrativa pública.
 - o Produtos e servizos financeiros e de seguros básicos.
 - o Xestión administrativa de compravenda.
 - o Xestión administrativa de persoal.
- 4º trimestre (de outubro a decembro).
 - o Formación en centros de traballo

11.3.2.- Ciclo superior administración e finanzas.

- 1º, 2º e 3º trimestre (de outubro a xuño).
 - o Aplicacións informáticas e operatoria de teclados.
 - o Contabilidade e fiscalidade.
 - o Recursos humanos.
 - o Xestión de aprovisionamento.
 - o Xestión financeira.
- 4º e 5º trimestre (de outubro a marzo).
 - o Administración pública.
 - o Auditoría.
 - o Formación e orientación laboral.
 - o Produtos e servizos financeiros e de seguros.
 - o Proxecto empresarial.
 - o Proxecto integrado.
 - o Xestión comercial e servizos de atención ao cliente.
- 6º trimestre (de abril a xuño).
 - o Formación en centros de traballo.

11.4.- Actividades complementarias e extraescolares.

Anualmente o centro realiza unha programación de actividades extraescolares e complementaria que teñen por obxectivo:

- Promover no alumnado un sentimento positivo de pertenza ao centro.
- Conseguir que adquira unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre.
- Desenvolver a autoestima dos rapaces e xoves.
- Mellorar as relacións entre o alumnado e axudarlle a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.
- Posibilitar o acceso ás actividades culturais e deportivas a tódolos rapaces e xoves, ampliando o seu horizonte cultural.
- Axudar ós alumnos a adquirir unha diversidade de experiencias e unha comprensión fundamental do medio natural-social-cultural para que poidan participar na mellora e protección do mesmo.
- Potenciar unha relación positiva e harmónica dos alumnos con o seu medio.
- Favorecer as actitudes de comprensión, respecto, tolerancia e convivencia.
- Interesar ao alumnado no seu propio proceso educativo.
- Desenvolver o seu espírito crítico.
- Asesorar e orientar as súas actividades de ocio e tempo libre.

Entre as moitas actividades que se organizan anualmente algunhas, pola xa longa traxectoria con que contan, convertéronse en fixas. Pódense destacar:

- Edición da revista XERFA.
- Feira da Ciencia e Tecnoloxía.
- Colaboración co Concello de Ribadeo en programas de prevención de drogodependencias.
- Participación no correlingua.
- Recolección e clasificación de cogomelos.
- Asistencia á representación dunha obra teatral en inglés.
- Visita á Ría no día dos humidaís.
- Asistencia a representacións teatrais.
- Charla sobre educación sexual.
- Participación na edición anual de “a ciencia na rúa”.
- Participación no programa cinensino promovido polo Concello de Ribadeo.
- Visitas culturais de interese multidisciplinar (Santiago, Madrid, Oviedo,...).
- Asistencia a concertos.
- Visitas formativas a empresas e organismos da administración pública.
- Participación en programas de orientación universitaria.
- Intercambios lingüísticos con outros países.
- Preparación e realización de recitais de poesía.
- Viaxe de fin de estudos en 4º de ESO.

11.5.- Servizos.

O Centro oferta á comunidade educativa os seguintes servizos:

11.5.1.- Transporte escolar.

É gratuíto na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria. Este servizo xestiónao directamente o Centro aínda que depende da Delegación Provincial de Educación.

11.5.2.- Orientación.

O departamento de Orientación do Centro está formado por un profesor/a especialista en psicoloxía e pedagogía (Xefe/a do departamento), os profesores/as especialistas en pedagogía terapéutica, un titor/a do ámbito lingüístico-social e un titor/a do ámbito científico-tecnolóxico.

Entre as funcións do departamento de orientación están:

- Valorar necesidades educativas, no ámbito da orientación, do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e a prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos (ingreso no centro, elección de optativas e itinerarios, resolución de conflitos,...)
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais, así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.
- Coordinar a orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións (concello, universidade, oficina de emprego,...)

11.5.3.- Biblioteca.

O uso da biblioteca polos membros da comunidade educativa e o seu funcionamento xeral están regulados no título IV, capítulo III do Regulamento de Réxime Interior do Centro.

11.5.4.- SGDWEB.

Mediante este servizo calquera nai, pai ou representante legal dun alumno/a que o solicite, ou alumno/a autorizado, poderá consultar na web a información puntual e diaria sobre faltas de asistencia a clase, retrasos e faltas de orde. Da mesma maneira terá información sobre as cualificacións das distintas avaliacións no mesmo momento de celebrarse a sesión de avaliación.

O uso deste servizo é gratuíto e pasa pola solicitude e autorización da nai/pai ou representante legal do alumno/a.

11.5.5.- SGDSMS.

Servizo gratuíto que o Centro oferta a nais/pais e representantes legais de alumnos/as que permite recibir información semanal mediante SMS a un móbil. A información facilitada terá relación coas faltas de asistencia a clase e/ou faltas de orde que o alumno/a cometeu ao longo da semana.

A utilización deste servizo require a solicitude e autorización do pai/nai ou representante legal do alumno/a.

12.- As formas de colaboración e participación dos distintos sectores da comunidade educativa.**12.1.- Consello Escolar.**

Ó estar presente no Consello Escolar representantes de tódolos sectores da comunidade educativa, posibilita a participación destes na toma de decisións e goberno do centro, así como no control da dirección do Centro. Dentro do Consello Escolar funcionan as seguintes comisións:

12.1.1.- Comisión de convivencia.

Formada polo Director/a, dous profesores, un pai/nai e un alumno/a, ten como función mediar e resolver os conflitos de cara a mellorar a convivencia no centro.

12.1.2.- Comisión económica.

Esta formada polo Director/a, Secretario/a, un pai/nai e un alumno/a e ten como función a supervisión e control da execución do orzamento anual do Centro.

12.2.- Claustro.

Esta formado por tódolos profesores e profesoras do centro e as súas funcións son as de control e toma de decisións en cuestións de carácter educativo e docente.

12.3.- Xunta de delegados.

Integrada por tódolos delegados e delegadas de curso, canaliza a opinión e propostas do alumnado a os seus representantes no Consello Escolar ou directamente á Dirección.

12.4.- Asociación de nais e pais de alumnos/as.

Presta a colaboración na realización de actividades complementarias e extraescolares e canaliza propostas e opinións ós seus representantes no Consello Escolar ou directamente á Dirección.

13.- As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.**13.1.- Centros de educación primaria que se adscriben ao instituto.**

Na rede de centros publicada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en marzo de 1998, no tomo correspondente á provincia de Lugo, páxina 118 sinálase como único centro adscrito ao Instituto de Educación secundaria Porta da Auga o Colexio de Educación Infantil e Primaria Gregorio Sanz de Ribadeo.

13.2.- Outros centros cos que estea relacionado o instituto.

O Instituto relacionase con outros centros e institucións como:

- CIFP Porta da Auga, ao compartir instalacións, persoal e oferta educativa (tres dos programas de Garantía Social).
- CEIP Gregorio Sanz, en todo o relativo á coordinación para o paso do seu alumnado ao Instituto, por ser centro adscrito; na ofertan ao longo do ano actividades organizadas polo Institúo ao alumnado do Colexio e na realización conxunta de actividades.
- Outros centros de ensino de Ribadeo para a realización e/ou asistencia conxunta a actividades culturais, orientación, etc.
- Concello de Ribadeo, para a participación en programas promovidos polo Concello como a prevención de drogodependencias, sensibilización na igualdade, patrocinio de actividades que se realizan no Centro como a Feira da Ciencia, utilización de espazos comúns como os pavillóns de deportes, ...
- Casa das Ciencias da Coruña, na participación na actividade “A Ciencia na Rúa”, que anualmente organiza esta entidade.